

## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA

*Decreto 43/1984, do 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia.*

Polo Decreto 42/1979, do 21 de setembro, a Xunta de Galicia creou a Comisión de Toponimia, adscrita á Consellería de Educación e Cultura, como órgano para a normalización da toponimia de Galicia. Xustificábase tal creación, dentro do réxime pre-autonómico, tanto pola necesidade de emitir os ditames que para os cambios de denominación solicitasen as corporacións locais, como pola conveniencia de que o material cartográfico, especialmente o dedicado ao ensino, fose fiel reflexo da realidade do país.

Novas circunstancias, que teñen a súa orixe no propio Estatuto de autonomía de Galicia, aconsellan regulamentar novamente tal Comisión, adaptándoa ás exixencias culturais e mesmo legais de hoxe. Efectivamente, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece no seu artigo 10 que “os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”. O mesmo artigo dispón que lle “corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbana e dos topónimos de Galicia”. Estes mandatos e estas previsións legais aconsellan, pois, unha remodelación da Comisión, tanto no que se refire á súa adscrición orgánica coma no que lle cómpre na súa composición e no funcionamento e métodos de traballo.

Neste aspecto, o Decreto 249/1983, do 24 de novembro, adscribiu a Comisión de Toponimia á Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia, prevendo que a súa composición e as súas funcións se determinarían regulamentariamente.

Para dar realidade aos mandatos legislativos e para cumprir as devanditas previsións, régulase agora a composición e as funcións da Comisión de Toponimia, que se enfrenta á urxente tarefa de volver á súa forma enxebre a riqueza toponímica de Galicia, liberándoa de deturpacións ou desaxeitadas grafas impostas polo olvido, ou pola ignorancia, ou polo descoñecemento do noso patrimonio cultural e lingüístico.

Polo tanto, a proposta do conselleiro da Presidencia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte e tres de marzo de mil novecentos oitenta e catro,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.- A Comisión de Toponimia é o órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta de Galicia para a determinación dos nomes oficiais da toponimia galega e para evacuar as consultas que sexan necesarias a tal fin.

A Comisión de Toponimia, que presidirá o conselleiro da Presidencia, queda adscrita á Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia, que lle prestará o apoio preciso para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 2º.- A Comisión de Toponimia funcionará en Pleno e en Ponencia de Estudos.

# DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano III

31 de marzo

Nº 64

Artigo 3º.- 1.- O Pleno da Comisión estará integrada polos seguintes membros:

- a) Presidente: o consellerio da Presidencia.
- b) Vicepresidente 1º: o secretario xeral Técnico da Consellería da Presidencia.
- c) Vicepresidente 2º: o director xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Cultura.
- d) Vogais natos:
  - O director xeral de Xustiza e Gobernación, da Consellería da Presidencia.
  - Un director xeral nomeado polo conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.
- e) Vogais representativos:
  - Un representante do Consello da Cultura Galega.
  - Un académico da Real Academia Galega.
  - Un representante do Instituto da Lingua Galega.
  - Un representante do Instituto “Padre Sarmiento”.
  - Un representante da Facultade de Xeografía e Historia.
- f) Vogais de libre designación: seis expertos sobre toponimia e lingua galega, que serán nomeados polo conselleiro da Presidencia entre persoas de recoñecido prestixio.

2. Os vogais representativos serán nomeados polo conselleiro da Presidencia previa proposta en terna polas corporacións ou institucións que representen.

Artigo 4º.- A Ponencia de Estudos estará composta polos vogais de libre designación e ás súas sesións, para os efectos de coordinación e asistencia material, asistirá o secretario xeral técnico da Consellería da Presidencia, que convocará as reunións, ou un funcionario coa preparación adecuada no que delegue.

Artigo 5º.- 1. O Pleno é o órgano competente para evacuar as consultas que se lle soliciten á Comisión e o obxecto das súas deliberacións será, salvadas circunstancias excepcionais que decida o presidente, o material preparado pola Ponencia de Estudos.

2.- O Pleno reunirse polo menos unha vez ao mes ou cando os seus membros sexan convocados polo presidente, polo menos con cinco días de antelación.

Artigo 6º.- A Ponencia de Estudos reunirse cantas veces sexa preciso para a realización do seu traballo e poderá ser convocada para varias sesións consecutivas nun único chamamento.

2.- Os traballos da Ponencia serán elevados ao Pleno cunha ou varias propostas, para a decisión definitiva.

Artigo 7º.- As convocatorias do Pleno e da Comisión comunicaráselle ao delegado do Instituto Xeográfico Nacional de España en Galicia, por se quixese asistir ás reunións como vogal.

# DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano III

31 de marzo

Nº 64

## DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.- Queda autorizado o conselleiro da Presidencia para ditar as disposicións que sexan precisas para o cumprimento do presente decreto.

Segunda.- O presente decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e tres de marzo de mil novecentos oitenta e catro.

Gerardo Fernández Albor  
Presidente

José Luis Barreiro Rivas  
Conselleiro da Presidencia